

O PROBLEMA DA LINGUA

Si a teoría da irmandade de terra e home é certa, como verdadeiramente o é, o acento, o que chamamos acento das falas, faise unha inevitabre modulación do idioma, e semella o cano de saída do espírito que corre nos verbes como auga que pasa por un tubo de cristal, en cuyas bandas se refrexa o que en redor de él se atopa.

O acento, separándolle a condición de compañía de un idioma, trócase n'un localismo que ten de parecer chocarreiro ós que non esteñan afeitos a él. Esta é a razón do moito desprezo que fan os casteláns do acento galego. Os casteláns viven desabidos de que temos idioma nôso, e coidan, cando oíen a nosa *fala castelá*, que o acento nôso é o modo que temos de non sabermos pronunciál-o castelán. ¿A que se non rín d'un acento eistranxeiro? Perdoanlle a calqueira home non español, os rastros da pronunciación do seu linguaxe, e non pasan pol-as nosas cadencias especiaes, nin pol-as vocaes propias do falar nôso. ¿Por qué? Porque saben que o eistranxeiro pronuncia infuenciado pol o seu idioma de orixe, mentres que coidan que nosoutros, o único que falamos, é un castelán desfeito na nosa rusticidade.

A falla de respecto ven pra nosoutros, da iñoranza dos demais. ¿Ou inferioridade galega, santa e benta, porque é nada da sabidencia da mesma natureza? ¿Qué decidiría un castelán si vise que alguén ría de un home

mouro ou amarelo? Chamaríalle iñorante, ¿non si?, porque amosstraría que non era sabidore da eistencia das razas, e do feito real de que o verdadeiro sére humano, a intelixencia, non é cousa que mane da cõr do pelexo... Si fõra de Galicia se soupera que aquí temos un idioma, o nôso acento nos non tragnería xamáis aldraxes; si toda España fose culta, nosoutros resultaríamos ennobrecidos, non obxetivamente porque así xa o estamos, sinon no orde formal dos maldicentes de hoxe, i-ésteos oíríannos falar e decirían: os galegos eispresanse co acento que a natureza lles deu, poñéndolles nos labres unha lingua persoalizada como outra calqueira.

Este respecto, que poderíamos chamar primario, compretaríase despóis deica abranquere n'él total-as cousas da nosa vida. Deixaría de sere Galicia o paxe onde se recollen total-as baixeiras. Seríamos un pobo ben definido, pois non teríamol-as nãs fronteiras malamente dibuxadas co acento que se esvaece nas comarcas lindeiras da nosa rexión, porque, onde comenzara a fala enxebre galega, principiaría a terra nôsa, como empeza Francia onde principia a fallarse francés.

*
* *

Pobo definido, pobo ergueito; pobo ergueito, forza en acción; forza en acción, respecto á porta.

— SINXELEZA —

¡Bendito sea Deus, que de meniño
alma e corazonciño
me deu, en troqué d'o que o mundo estimal:
mais m'atrai unha frol que un principado,
soyo o merlo encantado,
y a funérea coruxa ponme grima.

Como rapaz discurro, e me non pesa:
xurara que m'intresa
máis un verme de luz que un diamante,
y abertamente creo, por fertua,
que pr'abranguer a lua
nin siquera e preciso ser xigante.

¿Qué son todol-os cetros? ¡Refugállol
máis me desluma o orballo,
que trasforma un toxal en xoyería.
provista d'atavíos singulares:
de coflas e collares,
guarnecidos de rica pedrería.

O qu'eu poseio n'ademite tasa:
é d'aluguer a casa
con que m'agasallqu miña ventura,
y-hay pra soltal-a risa si non canto
xa que no camposanto
inda teñ'outro feudo: a sepultura,

Tanta grandeza si demanda un trono...
¡olimpico o abandonol,
y-ond'os menos me quero pr'aplaudilos,
para evocar, entr'eles, meigas horas
en qu'ensartei amoras,
e, radiante de gozo, fun ós grilos,

A infancia—unha fadiña d'albo porte,—
fito a fito d'a Morte
chouta con regocixo, inadvertida,
e si xa sua meiguice non é o ceyo...
preto d'ela non creyo,
que seña un mar de bágoas a vidal

Que esta especie de sorites é cousa baseada en verdade, probao a arela que os caciques de outura teñen en contra do galego. É natural. Agora somos pinas d'unha roda; con fala propia, non teríamos eixes alleos. Agora estamos malfadados por non sabermos pronunciarmol-a fala dos perfectos; despóis, o nôso acento terá o valore de un casuismo lexítimo, sintomático do dereito a eispofirmos probrems, e de que as nãs cuestións deixaban de seren intranquilidás de xentes que nin eispresárense sabben. Non seríamos entón, unha costa abaixo, sinon unha nobre turma, pr'a que habería que ollar co-a postura de ollos con que se fita ô ceio, e as demandas da nosa economía non serían tratadas co desprezo e a indiferencia con que un pode oíre falar das peticións dos mozos de corda folgantes. Esculcarían os alleos, as causas da morbosidade galega eispresada na emigración espri-toal de homes chamados superiores, que buscan no castelán clima morno pras suas concepcións mentaes; e de cote estaríamos ollados como unha individualidade con dereito a poseer partida de bautismo, e pasaríanos como ô mesmo sére humano, que mentras está no ventre da nai, confúndese xurídicamente con ela, pro d'ela se diferencia obxetivamente en nascendo...

*
* *

Nosoutros somos nados; mais esmorecímonos. Hoxe debemos renacer. Nunca mellor empregado o verbe. Debemos e queremos renacer, acusando a nosa persoalidade no nôso idioma. Non tememol-as contras, porque o ideal fainos valentes. Somos galegos, e demostrámolo. Imos polo mundo alumiando cos nosos corazóns desfeitos en lus, en forza de amaren a Galicia, Somol-a avanzada de unha xeneración conqueridora de dereitos. Os nãos amores patrios, ô frente de esa xeneración groriosa, son no medio da decadencia ate hoxe vivida na historia de Galicia, como na noite os resprandores que esgazan a escuridade a modo de mans milagreiras diante dos automóviles pra abrírlle paso ô movemento, á vida. Quen ve eses resprandores sabe que detráis de eles camiña unha máquina forte, froito do adianto... Aísi é o labore dos que defendemol-o idioma galego: raio de lus que nuncia a marcha do engrandecemento dos destinos de Galicia. E querendo como queremos que se fale a nosa língua por todol-os galegos, non cobizamos outra groria que a de que, por propios i-eistranos se olle o paso de Galicia pol-a historia pra deciren: Ahí vai un pobo que progresa. Saudémolo, porque é forte.

A. VALCÁRCEL.